

galiciantunes

A música galega en
BAFIM 2009

Buenos Aires
Feria Internacional de la Música

Do 19 ao 22 de novembro

DOSSIER DE PRENSA

A música galega en

BAFIM 2009

Buenos Aires

Feria Internacional de la Música

Do 19 ao 22 de novembro

01

Introdución

02

Que é BAFIM?

03

BAFIM en cifras

04

A música galega en BAFIM

04.01. Antecedentes

04.02. Obxectivos

04.03. Representación empresarial e institucional. O *stand* de Galicia

04.04. “La música de los gallegos”. Programa de concertos

Carlos Nuñez

Xoel López

Vetusta Morla

Aló Irmao

Uxía

as a liability or an asset

01

Introdución

A música galega dá un novo paso cara á súa entrada no mercado iberoamericano a través da súa participación por vez primeira en BAFIM (Buenos Aires Feria Internacional de la Música), feira á que acudirán cinco empresas (EsmerArte Servicios Artísticos, Keltia Producións, Nordesía, Ouvirmos e Lonxa Cultural) e as asociacións AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais) e Agaphono (Asociación Galega de Produtoras Fonográficas). A delegación galega —que viaxa co respaldo da Consellería de Cultura e Turismo, a través da AGADIC— contará cun *stand* propio neste importante encontro internacional.

Xunto coa actividade que se desenvolverá na feira —no marco da que terán lugar diferentes accións empresariais, sinaturas de discos e un *showcase* de Xael López—, esta primeira incursión conxunta da industria musical galega no mercado latinoamericano reforzase coa organización dun ciclo especial de concertos baixo o lema “La música de los gallegos” e a marca Galician Tunes. Ademais de Xael López, Carlos Núñez, Aló Irmao (Narf e Manecas Costa), Uxía e Vetusta Morla actuarán nesas datas en destacados teatros e salas de Bos Aires.



02

Que é BAFIM?

BAFIM (Buenos Aires Feria Internacional de la Música) celebrará a súa cuarta edición do 19 ao 22 de novembro no Centro Costa Salguero da capital arxentina, consolidada xa como un dos principais espazos de encontro para a industria musical latinoamericana. Todos os axentes implicados no sector da música estarán aquí representados (empresas discográficas, distribuidoras, *publishing*, distribución e venda dixital, produtoras, *managemet*, medios especializados, institucións e organismos oficiais, etc.), feito que marca a diferenza respecto doutras mostras e encontros profesionais.

Trátase, así mesmo, dunha feira aberta ao público xeral, que terá acceso tanto ao espazo feiral como aos concertos programados durante o evento. A organización, a cargo do Gobierno de la Ciudad de Buenos Aires (Dirección de Industrias Creativas y Comercio Exterior do Ministerio de Desarrollo Económico), estima que uns 100.000 visitantes se achegarán a BAFIM para percorrer o recinto onde se situarán un cento de *stands* e asistir a algunha das 80 actuacións en directo que se desenvolverán en tres escenarios e nos *DJ sets*. Ademais, 750 profesionais (200 deles chegados desde fóra de Arxentina) teñen confirmada a súa asistencia.

A actividade feiral desenvolverase arredor de tres espazos diferenciados, ocupando unha superficie total de 20.000 metros cadrados:

- 1 Feira.** Contará con 110 *stands* (95 de Arxentina e 15 internacionais) a través dos que empresas e organizacións vinculadas á música exhibirán e venderán os seus produtos, organizarán actividades e se conectarán co público visitante.
- 2 Shows.** Tres escenarios e máis de 80 artistas e grupos internacionais con representación de todos os xéneros musicais: rock, pop, reggaeton, reggae, folk, hip hop, melódico, electro e cumbia, entre outros. Tamén, haberá un ciclo de *Dj sets* para a música de baile.

Xoel López é o representante galego na selección oficial de artistas para os concertos de BAFIM, que inclúe igualmente outros destacados nomes do panorama musical español (Revolver, Pereza, Nena Daconte, Manel, Annie B. Sweet e Pony Bravo) e latinoamericano.

- 3 MusicNet, o espazo dos negocios.** No corazón da feira situarase unha área exclusiva para os profesionais acreditados que acollerá unhas 900 reunións de negocios, conferencias e accións comerciais.

03

BAFIM en cifras

	2007	2008	2009*
Público	35 mil	90 mil	100 mil
Shows	30	50	80
Reunións de negocios	120	700	900
Escenarios	3	7	3 + DJ sets
<i>Stands</i> internacionais	2	12	15
<i>Stands</i> arxentinos	69	91	95
Acreditados internacionais	25	120	200
Acreditados arxentinos	400	500	550
Espazo (m2)	8 mil	16 mil	20 mil

*Previsión da organización

04

A música galega en BAFIM

04.01. Antecedentes

A presenza dunha delegación galega en BAFIM 2009 responde ao convite oficial realizado polo Gobierno de la Ciudad de Buenos Aires tralos contactos establecidos en anteriores encontros internacionais con representantes da súa Dirección de Industrias Creativas y Comercio Exterior. Ademais de ter ao seu cargo as políticas de exportación das industrias culturais da capital arxentina, onde se centraliza máis do 90% do comercio cultural daquel país, este departamento é o responsable directo da organización de BAFIM que, con só tres edicións no seu haber, se sitúa como unha das principais feiras musicais de Sudamérica, xunto coa que se celebra no estado brasileiro de Pernambuco.

Tendo en conta a relevancia e progresión experimentada pola feira bonaerense nas súas anteriores edicións, así como a súa apertura ao público xeral cunha asistencia estimada de 100.000 visitantes, a AGADIC e as asociacións profesionais AGEM e Agaphono valoraron a asistencia a BAFIM como unha das mellores portas de entrada ao mercado latinoamericano, que conforman máis de 700 millóns de persoas e no que xogan a favor os evidentes vínculos culturais e mesmo emocionais.

04.02. Obxectivos

A prioridade da representación empresarial e institucional galega na feira internacional de Bos Aires é a de abrir unha sólida vía de acceso da industria musical galega no mercado latinoamericano da man de destacadas empresas do sector e de artistas e grupos de primeira liña. Neste sentido, tense como referente a positiva experiencia que para a estratexia de internacionalización da nosa música significou a participación conxunta nas principais feiras europeas do sector.

Preténdese, asemade, consolidar a relación con Brasil como socio estratéxico en Sudamérica tralo acordo acadado recentemente no Womex de Copenhague para o intercambio musical entre Galicia e o Estado de Minas Gerais, ao tempo que se buscará sentar as bases para novos acordos bilaterais encamiñados a promover a música galega en diferentes mercados iberoamericanos.

Situar os artistas galegos nas programacións do continente americano será tamén o obxectivo das diferentes accións empresariais e promocionais que, coincidindo coa

celebración de BAFIM, se desenvolverán tanto dentro como fóra do recinto feiral: reunións con delegados e axentes de diferentes países latinoamericanos, sinaturas de discos e difusión directa a través do *stand* galego, distribución de material promocional entre os profesionais acreditados, o programa paralelo de concertos, etc.

04.03. Representación empresarial e institucional. O *stand* de Galicia

A organización da asistencia galega á Buenos Aires Feria Internacional de la Música atende á mesma formula operativa empregada no Womex 09, que cede o protagonismo na coordinación da participación conxunta neste tipo de eventos ás dúas asociacións de empresarios musicais de Galicia: Agaphono (Asociación Galega de Produtoras Fonográficas) e AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais). Nesta última recaeu a organización da participación galega en BAFIM, co respaldo da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Ao encontro viaxan cinco empresas musicais galegas: EsmerArte Servicios Artísticos, Keltia Producións, Nordesía, Ouvirmos e Lonxa Cultural, que compartirán espazo nun *stand* propio para a música galega, cedido especialmente polo Gobierno de la Ciudad de Buenos Aires. Este será un dos epicentros da actividade empresarial e promocional, desde o que se darán servizos de cobertura loxística ás compañías, de intermediación comercial e de atención ao público, ademais de acoller accións concretas como sinaturas de discos a cargo de artistas e grupos como Xoel López ou Vestusta Morla.

Xunto co material promocional particular que acheguen as propias empresas, a delegación galega distribuirá entre os profesionais acreditados en BAFIM un CD de audio, editado con motivo da recente participación galega no Womex 2009 e no que se reúne unha selección de temas interpretados por artistas galegos, tales como bOnOvO, Fía na Roca, Milladoiro, Berrogüetto, Nova Galega de Danza, Rosa Cedrón, Mercedes Peón, Uxía, Aló Irmao (Fran Pérez “Narf” & Manecas Costa), Hermanos Moreira, Orquesta Vigo 430, ISGA Collective, Donatore di Groove, Xosé Manuel Budiño, Cristina Pato & Mutenrohi ou Anxo Lorenzo. Tamén se inclúe unha *promo* de varios músicos baixo o título *Rumbas*, procedente da plataforma Descarga ao Vivo.

Nos días previos á inauguración da feira iniciárase, así mesmo, unha intensa campaña de difusión destinada tanto a publicitar o programa paralelo de concertos, a través de grandes carteis en puntos estratéxicos do centro de Bos Aires e da distribución de postais nos principais locais e centros de ocio da cidade, como a promover directamente a música galega mediante tarxetas nas que se presenta a marca e a web Galician Tunes. O enderezo www.galiciantunes.com dá entrada a unha ampla selección de recursos musicais, ofrecendo aos usuarios a posibilidade de escoitar temas de grupos galegos, consultar novas e información sobre a internacionalización da música galega ou acceder a unha guía que inclúe artistas, compañías, festivais, asociacións profesionais, organismos oficiais e circuítos musicais.

Empresas

EsmerArte Sevicios Artísticos

Empresa de representación de artistas e axencia de contratación, a súa actividade esténdese tamén á organización de festivais e concertos, e á promoción. Deluxe, Vetusta Morla, Le Punk, Elodio y los Seres Queridos e Ectoplasma son algúns dos seus representados.

Travesía de Vigo, 18—1º. 36206 Vigo
T. 986 135 884
lafabricadechocolate@mundo—r.com
www.fabricadechocolate.com

Keltia Producións

A promoción e difusión do gaitero Carlos Núñez centra a actividade desta compañía viguesa.

Marqués de Valladares, 12—3 Ofi. 1. 36201 Vigo
T. 986 11 33 67
contact@carlos—nunez.com
www.carlos—nunez.com

Lonxa Cultural

Distribuidora de produtos culturais (CD's, DVD's, libros, etc.), encárgase da distribución de selos discográficos como Falcatruada, Salitre, Ouvirmos, Pai, Xingra e Zouma Records, entre outros, ademais de contar co catálogo máis extenso de grupos autoeditados de Galicia.

Praza Juan Naya, 6. 15003 A Coruña
T. 881 886 906
info@lonxacultural.com
www.lonxacultural.com

Nordesia

Centra o seu labor nos eidos do *managemet* e da distribución musical, así como no desenvolvemento de diferentes proxectos culturais e artísticos. No seu catálogo figuran solitas e grupos como Uxía, Fran Pérez “Narf”, Aló Irmao, Nancy Vieira, João Afonso, Viviane ou OrqueStrada, ademais de encargarse da distribución en exclusiva para Galicia dunha gran selección de artistas internacionais.

Rúa Galeras, 17, 2º — Ofic. 5. 15705 Santiago de Compostela
T. 981 555 930
info@nordesia.com
www.nordesia.com

Ovirmos SL

Compañía discográfica e de edición musical, dedicada tamén á xestión de proxectos culturais e especializada en patrimonio musical.

Vade nº4 — Vila Maior. 27613 Sarria

T. 609 242 112

ouvir@ouvirmos.com

www.ouvirmos.com

Asociacións

AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais)

xerencia@agem—musica.com

www.agem—musica.com

Agaphono (Asociación Galega de Produtoras Fonográficas)

Santiago de Guayaquil, 10, 4º Dta. 15702 Santiago de Compostela

T. 653 477 154

xerencia@agaphono.org

Administración pública

AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais)

Consellería de Cultura e Turismo. Xunta de Galicia

Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela

T. 981 577 126

agadic@xunta.es

www.agadic.info

04.04. “La música de los gallegos”. Programa de concertos

A participación galega en BAFIM verase reforzada cun programa paralelo de concertos en diferentes espazos da capital arxentina, protagonizados por algúns dos máis destacados artistas representados polas empresas galegas que viaxan a Bos Aires. Aló Irmao (Fran Pérez “Narf” e Manecas Costa), Carlos Núñez, Uxía, Vetusta Morla e Xoel López actuarán entre o 18 e o 21 de novembro en diferentes teatros e salas de Bos Aires baixo o lema “La música de los gallegos” e a marca Galician Tunes, nunha iniciativa que vai acompañada dunha importante campaña publicitaria por toda a cidade. Nos días previos ao desembarco da delegación galega, o Teatro Metropolitano ofrecerá un adianto desta programación especial con senllos concertos de Vetusta Morla e Xoel López os días 12 e 13.

Calendario de concertos

18 novembro. 20.30 h.	Carlos Núñez	Teatro Coliseo <i>Marcelo T. De Alvear 1125. Retiro</i>
18 novembro 20.00 h.	Xoel López + Vetusta Morla	La Trastienda <i>Balcarce 460. San Telmo</i>
19 novembro 18.30 h.	Xoel López	Selección oficial BAFIM <i>Centro Costa Salguero Av. Costanera R. Obligado y J. Salguero</i>
21 novembro 21.00 h.	Aló Irmao + Uxía	La Trastienda <i>Marcelo T. De Alvear 1125. Retiro</i>
21 novembro 20.30 h.	Xoel López + Vetusta Morla	Sala Niceto <i>Niceto Vega 5510. Palermo</i>

CARLOS NÚÑEZ

www.carlosnunez.com

O gaiteiro Carlos Núñez atópase inmerso na xira internacional de presentación do seu último traballo discográfico, *Alborada do Brasil*, froito dun “increíble e misterioso traxecto musical e existencial” polo país suramericano na procura das súas conexións musicais con Galicia. Recibido con entusiasmo por público e crítica, este disco é a continuación dunha carreira musical que comezou cando, aos oito anos, Núñez decidiu aprender dos vellos mestres os secretos da música popular e da gaita. Aos 12 xa foi convidado a tocar como solista coa Orquestra Sinfónica de Lorient. Pouco despois comezou a estudar frauta de pico no Conservatorio de Madrid coas mellores cualificacións.

En 1989 gravou por primeira vez con The Chieftains para a banda sonora do filme *A illa do tesouro* e, desde entón, Carlos Núñez é o sétimo Chieftain. Xunto a eles conseguiu un Premio Grammy e actuou no Carnegie Hall de Nova York e no Royal Albert Hall de Londres ao lado de artistas como Bob Dylan, Joni Mitchell, The Who, Lou Reed, Spin Doctors, Eddie Vedder, Bon Jovi...

Así pois, cando en 1996 publicou *A irmandade das estrelas*, o seu primeiro álbum en solitario, Núñez era xa un artista recoñecido en todo o mundo. O disco vendeu máis de 100.000 exemplares en España e nel colaboraron máis de

50 músicos, entre eles The Chieftains, Ry Cooder, Luz Casal e Dulce Pontes. En 1999 veu a luz *Os amores libres*, que vendeu máis de 250.000 exemplares en España, un acontecemento extraordinario para a música popular feita en Galicia con alcance internacional. Gravado en dez países diferentes a lo largo de dous anos, *Os amores libres* exploraba as conexións entre a música celta e o flamenco coa participación de Jackson Browne, Noa, Mike Scott (de The Waterboys), Teresa Salgueiro (de Madredeus), Carmen Linares, Vicente Amigo, Cañizares, entre outros moitos artistas.

O seu terceiro disco, *Mayo longo* (2000), significou o achegamento de Carlos Núñez a estruturas máis pop e o seu descubrimento como compositor, coa colaboración de Roger Hodgson (de Supertramp) nalgúns dos temas e con Sharon Shannon, Liam O'Flynn e músicos de The Dubliners como convidados de luxo. En 2002 lanzou *Todos os mundos*, una recompilación dos seus éxitos, e en 2003 *Almas de Fisterra*. En 2004 apareceu un dos seus proxectos máis ambiciosos: *Carlos Núñez & Amigos*, gravado en directo en Vigo ante 30.000 persoas xunto a The Chieftains, Sharon Shannon ou León Gieco, entre outros. Xa en 2007 apareceu *Cinema do mar*, un percorrido do músico vigués por emblemáticas bandas sonoras.

Aparcado o seu proxecto como Deluxe trala publicación de *Reconstrucción* e instalado desde hai meses en Bos Aires, Xoel López leva todo o 2009 percorrendo o continente americano e empapándose das músicas de Arxentina, Chile, Nova York, Bogotá, Venezuela ou Santo Domingo. Vén de protagonizar, ademais, a serie de televisión *Codex Calixtinus: a different look at the Camino de Santiago*, para National Geographic Channel.

Xoel leva desde os 14 anos tocando en bandas da Coruña, a súa cidade natal. Os seus primeiros grupos foron The Riddles e Los Nuestros, pero a súa primeira banda "seria" sería Los Covers. Fichados polo selo Thunderpussy, gravan un EP nos estudos de Paco Loco en Xixón. En pouco tempo, Los Covers venden máis de 500 copias e realizan unha gran xira estatal. O grupo disólvese tras dous anos de viaxe e, con 18 anos, Xoel decide aventurarse coa Elephant Band, nova formación coa que se reconece o seu labor de compositor. As súas influencias clarifícanse, sacando partido ao seu son máis *british pop*.

Ao tempo, porá en marcha xunto a Félix Arias o proxecto Lovely Luna, que ambos desenvolven en paralelo ás súas respectivas carreiras musicais. Tras dous discos editados —*Lovely Luna* (Guerssen 2000) e *Las cosas que nadie debe ver* (Mushroom Pillow 2004)—, en decembro de 2008 Xoel e Félix xuntáronse de novo para gravar o que será o seu terceiro álbum: *Chang y Eng*.

En maio de 2001, Xoel López debuta como Deluxe publicando o seu primeiro traballo en solitario baixo o título *Not What You Had Thought*, que recibiu un gran apoio da prensa especializada e foi definido por moitos como un dos discos que marcan un momento na escena musical española.

Este primeiro gran éxito repetírase trala publicación do seu segundo álbum, *If Things Were To Go Wrong*, onde Xoel López demostra que Deluxe é un proxecto persoal e cambiante, incluíndo temas cantados en español e portugués. En 2005 edita o seu primeiro disco cantado enteiraamente en castelán, *Los jóvenes mueren antes de tiempo*, traballo que sería escollido pola revista *Rolling Stone* como o Mellor Disco Español do Año.

Tras asinar un contrato con Virgin Records, Deluxe publica o seu cuarto álbum, *Fin de un viaje infinito*, no que se deixa sentir o seu paso polo Laboratorio Ñ, un encontro que tivo lugar en Arxentina coa participación de artistas como Amaral, Iván Ferreiro, Quique González ou Andrés Calamaro.

Reconstrucción é o título do último traballo asinado por Xoel López como Deluxe. Nel recóllense cancións que colgou para a súa descarga gratuíta a través da súa poáxina web, ademais de temas inéditos e un DVD con algúns dos seus directos.

XOEL LÓPEZ
www.xoel.com

Representados pola empresa galega EsmerArte Servicios Artísticos, Vetusta Morla converteuse nun dos grupos revelación de 2008 co seu álbum de debut, *Un día en el mundo*, editado por eles mesmos a través do seu selo Pequeño Salto Mortal.

O grupo, que toma o seu nome da vella tartaruga Morla de *A historia interminable* de Michael Ende, nace a finais dos anos noventa na localidade madrileña de Tres Cantos. Os seus primeiros compoñentes foron Pucho (voz), David García "El Indio" (batería), Jorge González (percusión), Alejandro Notario (baixo, substituído posteriormente por Álvaro B. Baglietto) e Guillermo Galván (guitarra). Máis tarde, o guitarrista Juan Manuel Latorre completa o sexteto.

Tras gravar tres maquetas e un EP autoeditado (*Mira*, 2007) e con moitos quilómetros ás costas para tocar en salas de toda España, en febreiro de 2008 sae ao mercado o seu primeiro longa duración, cualificado pola prensa

especializada como "o mellor primeiro disco dun grupo na historia do rock español".

A repercusión deste lanzamento traducíuse en tres Premios da Música outorgados pola Academia de las Artes y las Ciencias de la Música: Mellor Álbum de Pop Alternativo por *Un día en el mundo*, e

Artista Revelación e Autor Revelación por un dos temas do disco, *Copenhague*.

Esta mesma canción foi elixida pola audiencia de Radio 3 (RNE) como unha das tres mellores do "indie" español das últimas dúas décadas.

En xaneiro de 2009, o grupo anunciou o comezo da gravación das maquetas do seu próximo disco. Mentres, continúan cunha intensa actividade de concertos con preto de 70

actuacións entre marzo e novembro deste ano. Inclúese aquí a minixira de presentación de *Un día en el mundo* en México, coincidindo coa súa publicación no devandito país.



VETUSTA MORLA

www.vetustamorla.com

galician tunes



Encontro creativo dun dos artistas máis sorprendentes do actual panorama musical galego, Fran Pérez “Narf”, co gran guitarrista e cantante guineano Manecas Costa, Aló Irmao é un espectáculo de cancións novas compostas coa intención de transmitir a harmonía dos que queren entenderse e celebrar con alegría a diferenza. O latido africano de Manecas Costa únese neste proxecto ao espírito aventureiro de Narf para dar vida a unha música innovadora que tende pontes entre os seus dous universos culturais.

Narf e Manecas Costa atopáronse nun camerino e sentiron un magnetismo musical inmediato. “Un día temos que facer unha canción”, prometéronse. Daquel primeiro encontro xurdiu un repertorio completo composto a catro mans, a medio camiño entre Compostela e Lisboa.

O disco de Aló Irmao gravouse ao vivo no Teatro Principal de Santiago de Compostela os días 16 e 17 de xuño de 2009, ocasión para a que se contou coa participación do percusionista mozambicano Celso Mahuie. O concerto foi un reflexo simbólico do seu encontro: unha proposta sinxela, baseada nas guitarras, nas palabras e en facer encaixar todas as pezas.

“É unha viaxe que parte do que fomos, pasa polo que somos e nos leva cara ao que haremos”, explica Narf. “Queremos que a xente viaxe connosco a Guiné (Nigué Ssibau), a Galicia (Zigala), a ese lugar onde nos sentimos seguros, ao que voltamos para coller folgos”, apunta Manecas. “Queremos”, conclúen, “que veñan con nós a ese lugar no que non hai preocupación, onde só hai felicidade”.





Máis de vinte anos de carreira artística, converten a Uxía nunha das voces máis populares e valoradas da nosa lingua. As súas cancións teñen sempre a presenza latente ou explícita da música tradicional, cun tratamento anovador e persoal. Desde o seu debut con *Foliada* en 1986, o seu traballo representa un punto de encontro para as diferentes culturas, un xeito de comunicación entre pobos e xentes.

Integrante do grupo Na Lúa ata 1991, Uxía emprende un camiño en solitario que responde a unha natural evolución da súa carreira artística. Nese mesmo ano publica *Entre cidades*, e catro anos despois, *Estou vivindo no ceo*, disco que afianza a súa proxección internacional. En 1997 edita xunto ás cantantes Rasha e María Salgado e o guitarrista Cuchús Pimentel *La sal de la vida*, un disco marcado pola diversidade e polo cruce cultural. Xa en 2000 publica *Danza das areas*, un traballo que representa un punto de inflexión na súa traxectoria con composicións propias e sons máis contemporáneos.

Sempre tivo a convicción de que un pobo que cantou desde tempos inmemoriais non pode perder un instrumento tan fundamental como a propia voz. Por esa razón, promoveu a creación de grupos

de cantareiras e participou en numerosas experiencias musicais con artistas da talla de Jessie Norman, Dulce Pontes, Noa, Chico Cesar...

Uxía recolle nas súas composicións a esencia de todas esas experiencias que a teñen levado a un contacto permanente con xentes e artistas de culturas afíns. Todo xorde e flúe como unha consecuencia natural do contacto permanente con artistas destas latitudes e da escoita atenta e continuada das súas músicas ou as músicas tradicionais que as inspiraron.

A súa paixón pola mestizaxe consegue unir e reunir voces, instrumentos, ritmos, sons... É un imán para o talento, e así o demostra como directora artística na creación do Festival Internacional da Lusofonía Cantos na Maré, un espectáculo concibido como punto de encontro de artistas da área lusófona no que o escenario se transforma nunha festa multicultural coas mellores voces de Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guiné Bissau, etc.

En 2008 presentou o seu último disco ata o momento, *Eterno navegar*, no que percorre camiños de sonoridades atlánticas e ritmos africanos que se mesturan coa súa melodiosa voz e o seu estilo intimista.

galician **tunes**

galiciartunes



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia